



# BOP

MÉRCORES, 4 DE MAIO DE 2022

N.º 101

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

##### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Antonio García Fernández solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.77902

As obras solicitadas consisten na execución dun muro de pedra no predio con referencia catastral 27025A062003440000JJ; na zona de policía do rego Esparaños, no lugar de Portocelo, na parroquia de San Tirso de Portocelo, no concello de Xove (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Xove ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 28 de abril de 2022.- O xefe do Servizo Territorial de Lugo (P.S. Resol. Dirección Augas de Galicia 18/08/2021), O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias.)

R. 1036

##### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Caridad Vázquez García solicita de Augas de Galicia a autorización de obras na zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.78098.

As obras solicitadas consisten nas obras no recheo de dúas parcelas para un mellor aproveitamento das mesmas, nas parcelas coas seguintes referencias catastrais 27002A013001240000KJ e 27002A013001250000KE; na zona de policía do río Ouro, no lugar de Gorvidal, parroquia de Santa María de Bacoí, no concello de Alfoz, Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Alfoz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 28 de abril de 2022.- O xefe do Servizo Territorial de Lugo, P.S. 18/08/2021, O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias

R. 1037

**CONCELLOS****BURELA***Anuncio***EXPEDIENTES 387/2022 E 388/2022. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. FEBREIRO 2022.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 13 de abril de 2022 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de febreiro de 2022 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 7.986,57 €, correspondendo 991,20 € a libre concorrencia e 6.995,37 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 18 de abril de 2022.- O Alcalde - Presidente, Alfredo Llano García.

R. 1038

*Anuncio***EXPEDIENTES 2018/2021 E 417/2022. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA PREZO PÚBLICO ESCOLAS DEPORTIVAS DE INVERNO 2021-2022.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 13 de abril de 2022, prestou aprobación inicial ao Padrón Fiscal do Prezo Público pola prestación do servizo de escolas deportivas municipais de inverno 2021-2022 por un importe total de 3.369,00 €. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 20 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes terán que facer efectivo o pago nalgunha das entidades colaboradoras con conta aberta do Concello de Burela. Fíxase o período voluntario de cobramento en dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 26 de abril de 2022.- O Alcalde – Presidente, Alfredo Llano García.

R. 1039

---

### *Anuncio*

#### **Expediente: 552/2022**

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 13 de abril de 2022, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Primeiro Bimestre do exercicio 2022, procédese a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario por período de dous meses a computar dende o día seguinte á presente publicación no BOP de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/ 2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela, 18 de abril de 2022.- O ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCIA.

R. 1040

---

### CHANTADA

#### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 18/04/2022 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a marzo 2022.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a marzo do 2022 terá lugar neste municipio dende o día 19 de abril de 2022 ata o día 20 de xuño de 2022.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Leixa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 25 de abril de 2022.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 1042

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 22/04/2022 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes a abril 2022.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes abril 2022 terá lugar neste municipio dende o día 25 de abril de 2022 ata o día 27 de xuño de 2022.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 25 de abril de 2022.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 1043

## FRIOL

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno local, na sesión celebrada o 25 de abril do actual, adoptou acordo de iniciación de expediente de investigación, do que se transcribe a continuación a súa parte dispositiva, no que ao mesmo se refire:

- Incoar expediente de investigación en relación co dominio ou uso público da parcela 27020A161000790000YS. Todo elo de conformidade co disposto no art. 281 da Lei 5/97 de 22 de xullo de administración local de Galicia e no art. 44 do Real Decreto 1372/86 de 13 xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- /...../
- Que se proceda á publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no tablón de edictos da Corporación, así como na sede electrónica do concello durante quince días. Ademais procederá á súa notificación aos interesados para que poidan alegar canto estimen conveniente aos seus dereitos ante a Corporación así como a documentación que que funden as súas alegacións.
- A súa notificación á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, para que poidan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.
- Nomear instructor do expediente ao Concelleiro Don Jesús Julio Cortiña López, advertindo que está suxeito ás causas de abstención e recusación contempladas na Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Actuará como Secretario, un funcionario do concello.
- En cumprimento do establecido no art. 49.1. do Real Decreto 1372/86, no prazo dun mes, dende que deba darse por rematada a publicación dos anuncios no tablón de edictos do Concello poderán os interesados alegar o que estimen conveniente ante a Corporación.

O que se fai público en cumprimento do establecido no art. 49.1 do Real Decreto 1372/86, significando que no prazo de un mes, desde que deba darse por rematada a publicación dos anuncios no tablón de anuncios e sede electrónica do concello, poderán os interesados alegar o que estimen conveniente ante a Corporación.

Friol 28 de abril de 2022.- O Alcalde-Presidente, José Angel Santos Sánchez.

R. 1044

**LÁNCARA***Anuncio*

Incoación de expediente de investigación

Con data 20/04/2022, o señor alcalde de Láncara, no uso das atribucións que confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, incoou un expediente de investigación para determinar a existencia e titularidade do camiño de Montixo delimitado por muros e que discorre entre as parcelas 27026A01400129 e 27026A01400139 do catastro inmobiliario do Concello de Láncara.

De conformidade co disposto no artigo 50 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, os afectados polo expediente de investigación disporán dun prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o da presente publicación, para alegar canto estimen conveniente en defensa dos seus dereitos ou intereses, debendo aportar perante o Concello, a tal fin, a totalidade da documentación na que fundamenten as súas pretensións.

Láncara, 27 de abril de 2022.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1045

**LOURENZÁ***Anuncio***EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA XIMNASIO ABRIL DE 2022****EXPOSICIÓN O PÚBLICO**

Por Resolución de Alcaldía de data 26 DE ABRIL DE 2022, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO correspondente ao mes de **ABRIL DE 2022** por importe de **791,85 EUROS** (SETECENTOS NOVENTA E UN CON OITENTA E CINCO EUROS)

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 26 de abril de 2022.- A Alcadesa – Presidente, D<sup>a</sup>. Rocío López García.

R. 1046

**LUGO***Anuncio*

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 06/04/2022, adoptou, entre outros, os seguintes acordos en relación co Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Lugo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do concello de Lugo, previsto no artigo 16 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, confeccionado pola empresa SEAGA (Empresa Pública de Servicios Agrarios, S.A.), ao abeiro do convenio ao que este Concello está adherido, suscrito pola colaboración.

**SEGUNDO.-** Expoñer ao público durante o prazo de 20 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica municipal; computarase o prazo a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo para que durante o devandito prazo poida ser examinado e poidan formularse as alegacións e reclamacións que se estimen pertinentes polos que se consideren interesados, de conformidade co disposto no artigo 83, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas

**TERCEIRO.-** Considerar o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Lugo definitivamente aprobado no caso de que non se presentasen alegacións durante o período de información pública.

**CUARTO.-** Comunicarlle á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Xunta de Galicia a aprobación definitiva do dito plan xuntando a documentación acreditativa da resolución adoptada.

En cumprimento deste acordo sométese a exposición pública, mediante anuncio publicado no BOP por un prazo de 20 días hábiles o expediente administrativo que poderá ser consultado nas dependencias do Servizo de Medio Ambiente, (Ronda Muralla, 197, 3º andar), para que durante o dito prazo poidan presentarse as alegacións que se estimen pertinentes polas persoas que se consideren interesadas.

Lugo, 26 de abril e 2022.- A ALCALDESA,P.D. O TENENTE DE ALCALDESA DELEGADODA ÁREA DE COHESIÓN TERRITORIAL, Miguel Fernández Méndez.

R. 1047

*Anuncio*

A ILMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo, con data do 26 de abril de 2022, ditou o Decreto Nº 4404/2022 relativo ao nomeamento dun funcionario en prácticas na categoría de Policía Local, cuxa parte resolutiva é do teor literal seguinte:

**“Primeiro.-** O nomeamento de Don Henrique Díaz Pena \*\*\*4792\*\* como funcionario en prácticas do Excmo. Concello de Lugo na praza de Policía Local; Escala: Básica; Categoría: Policía; Grupo: C1; Nivel: 19, con efectos do día no que dea comezo o curso selectivo de formación que, para o efecto, desenvolva a Academia Galega de Seguridade Pública, previsto para o día 27 de abril de 2022.

**Segundo.-** O funcionario en prácticas percibirá unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o corpo ou escala no que aspiren a ingresar. Non obstante, se as prácticas se realizan desempeñando un posto de traballo, o importe anterior se incrementará nas retribucións complementarias correspondentes ao dito posto.

**Terceiro.-** Notificarlle o nomeamento en prácticas ós/ás interesados/as, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á notificación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Lugo, 27 de abril de 2022.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 1048

---

## MEIRA

### *Anuncio*

#### **EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE MEIRA.**

En cumprimento do disposto no artigo 212 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, na sesión celebrada o día 25 de abril de 2022, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2021, por un prazo de quince (15) días, a contar dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os que teñan a condición de interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen convintes.

Meira, 26 de abril de 2022.- O Alcalde Accidental, Agustín Méndez Moirón.

R. 1049

---

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS DO CONCELLO DE MEIRA.**

O Concello de Meira na sesión do Pleno celebrada o día 25 de abril de 2022, levou a cabo a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

De conformidade co previsto no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a información pública por prazo de trinta días contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no BOP, durante o cal poderán os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na Sede Electrónica do Concello de Meira (<https://meira.sedelectronica.es>).

Se durante dito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente dito acordo inicial.

Meira, 26 de abril de 2022.- O Alcalde Accidental, Agustín Méndez Moirón.

R. 1050

---

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS.**

O Concello de Meira na sesión do Pleno celebrada o día 25 de abril de 2022, levou a cabo a aprobación inicial da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos.

De conformidade co previsto no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a información pública por prazo de trinta días contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no BOP, durante o cal poderán os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na Sede Electrónica do Concello de Meira (<https://meira.sedelectronica.es>).

Se durante dito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente dito acordo inicial.

Meira, 26 de abril de 2022.- O Alcalde Accidental, Agustín Méndez Moirón.

R. 1051

## MURAS

### *Anuncio*

Aprobación inicial de modificación da base 38 das bases de execución do orzamento do ano 2022 Concello de Muras

O 27 de abril de 2022 aprobouse inicialmente polo Pleno do Concello a modificación da base de execución 38 do orzamento do ano 2022. En cumprimento dos artigos 177.2 e 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público na Secretaría do Concello, polo prazo de 15 días hábiles, que comezará a contar desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes

Muras, 28 de abril de 2022.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo

R. 1052

## O SAVIÑAO

### *Anuncio*

#### **Expediente 473/2022**

**BASES QUE REXERAN A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DE CATRO (4) PEÓNS DE SERVIZOS MÚLTIPLES NO CONCELLO DE O SAVIÑAO, AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022 (PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO).**

#### **1. Obxecto**

O obxecto destas bases é a regulación do procedemento de selección, mediante o sistema de concurso-oposición, para a contratación de persoal laboral temporal por circunstancias da produción (artigo 15.2 do Real Decreto Legislativo 2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores) de catro (4) peóns de servizos múltiples do Concello de O Saviñao, ao abeiro do Programa Fomento do Emprego de conformidade co Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 (Programa B.3 de Fomento de emprego).

Esta colaboración materialízase a través da achega económica por parte da Deputación Provincial de Lugo dos custes salariais e de Seguridade Social dos/as traballadores/as contratados/as.

As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 -Programa Fomento do Emprego-, e no seu defecto, polo disposto nas seguintes normas:

- Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).
- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e da Provisión dos Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que se debe axustarse o procedemento da selección de funcionarios da Administración Local.
- Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.



- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado.
- Preceptos en vigor da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Reforma da Función Pública.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia,
- E resto de normativa concordante que resulte de aplicación.

## 2. Funcións do Posto de Traballo.

Son funcións propias destes postos de traballo as seguintes:

- Conservación e mantemento de vías municipais e accesos a núcleos de poboación (limpeza de beirarrúas, bacheos, conservación e mantemento de pistas e camiños municipais, con manexo da ferramentas e maquinaria de que dispón o Concello: tractor, desbrozadoras manuais, albanelería, etc),
- Tarefas de conservación e mantemento do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable.
- Tarefas de mantemento doutros equipamentos de titularidade municipal.
- Cantas outras funcións lle sexan encomendadas polos órganos municipais competentes.

## 3. Duración do contrato, xornada de traballo e retribucións

A duración do contrato será de **seis meses, a xornada completa** (100%).

A retribución bruta do posto de peón será o SMI de 2022.

O persoal seleccionado será chamado, por orde decrecente de puntuación, para a súa contratación baixo a modalidade de contrato de duración determinada por circunstancias da produción do artigo 15.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (TRET).

## 4. Requisitos dos aspirantes

Os interesados en tomar parte nesta convocatoria deberán reunir antes de que remate o prazo de presentación de instancias os seguintes requisitos establecidos no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro:

- a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenvolvemento das tarefas propias do posto obxecto desta convocatoria, extremos que deberán acreditarse mediante a presentación de informe médico ou certificado médico no caso de ser seleccionado.
- d) Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- e) Estar en posesión de certificado de escolaridade ou titulación equivalente, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.
- f) Estar en posesión do carné de conducir clase B, en plena vixencia á data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- g) Certificado de lingua galega no nivel Celga 2 (ou o curso de iniciación, nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007). Os aspirantes que non acrediten o coñecemento do galego mediante a aportación do CELGA, deberán superar unha proba que consistirá na tradución dun texto castelán ao idioma galego, con cualificación de apto/non apto, con carácter eliminatorio.
- h) Declaración responsable de non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- i) Deberán atoparse en situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, circunstancia que deberá ser acreditada polo interesado mediante informe de vida laboral actualizado.

## 5. Publicidade da convocatoria

A convocatoria publicárase no (BOP) Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello de O Saviñao: <https://concellodosavinao.sedelectronica.gal>

As bases e anexos que regulan o proceso selectivo faranse públicas no taboleiro de anuncios do Concello, e na sede electrónica do concello de O Saviñao: <https://concellodosavinao.sedelectronica.gal>.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso, publicáranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. A solicitude acomodárase ao modelo previsto no Anexo II destas bases.

## 6. Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes

Os que desexen tomar parte neste proceso de selección deberán presentar a súa solicitude, segundo o modelo previsto no Anexo II, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de O Saviñao.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **cinco (5) días hábiles**, comezando a computarse dito prazo a partir do día hábil seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

No caso de presentar a documentación a través dalgún dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, deberán poñelo en coñecemento do Concello de O Saviñao, remitindo copia da súa solicitude co rexistro de entrada da Administración onde se teña presentado, a través do correo electrónico [savinao@telefonica.net](mailto:savinao@telefonica.net)

A participación no proceso require a presentación da seguinte documentación:

- Solicitude de participación: **Anexo II** destas bases, debidamente cumplimentada e asinada polo solicitante.
- Fotocopia do DNI ou, no seu caso, pasaporte.
- Fotocopia permiso de conducir clase B, en plena vixencia na data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- Certificado de escolaridade ou titulación equivalente.
- Certificado ou título de Celga 2.
- Declaración responsable, asinada polo aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración Pública e de non ter sido separada/o do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado, segundo o modelo que se inserta nestas bases como **Anexo III**. No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable asinada pola/o aspirante de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Informe de informe de vida laboral **actualizado** á data de presentación de instancias.
- Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen a efectos de valoración na fase de concurso, incluíndo a COPIA DOS CONTRATOS ou certificado de empresa - xunto coa vida laboral ACTUALIZADA-, así como diplomas, cursos, etc...

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados no momento de presentación de instancias.

## 7. Admisión de aspirantes

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo de 3 días hábiles, declarando aprobada a lista provisional de admitido/as e excluído/as. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello de O Saviñao, indicando o motivo da exclusión, sinalárase un prazo de **2 días hábiles** para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a súa exclusión.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 3 días dende a finalización do prazo para presentación. Transcorrido devandito prazo sen que se ditara resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

Transcorrido o prazo de emenda pola Alcaldía, aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. Nesta mesma Resolución sinalárase o lugar, data e hora de realización das probas e a composición do tribunal cualificador.

No caso de non haber excluídos, nin se precise do trámite de emenda, ditarase unha soa Resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal, lugar, data e hora de realización das probas.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesadas/os decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento selectivo.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificación) dos candidatos/as que participen no proceso de selección, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na lexislación vixente.

## 8. Tribunal Cualificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O tribunal estará constituído por 5 membros, cos seus respectivos suplentes: Presidente/a, 3 vogais, e secretario/a ou persoa en quen delegue. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia da/o presidenta/o e da/o secretaria/o ou dos que legalmente os substitúan.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal terá a seguinte constitución:

Presidente/a: Un/ha funcionario/a ou persoal laboral pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretario/a: O da Corporación ou persoa que o substitúa.

Vogais: Tres funcionarios/as ou persoal laboral pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na lei 40/2015, de 1 de outubro, Réxime xurídico do Sector Público, levantando acta de cada sesión.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

## 9. Sistemas de Selección e Desenvolvemento dos Procesos

### PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección dos aspirantes será o concurso- oposición.

#### - FASE DE CONCURSO:

Só aos aspirantes que superen a oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente. A puntuación máxima total do concurso será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles, e que serán:

#### Méritos computables:

##### a) Experiencia profesional:

1.- Experiencia profesional en postos de traballo iguais ou similares ao obxecto da convocatoria. **Ata un máximo de 2 puntos.**

— Por cada mes completo de servizos prestados nunha Administración Pública mediante relación laboral ou funcional: 0,20 puntos.

— Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas no posto de peón mediante relación laboral: 0,10 puntos.

No se terán en conta á hora de efectuar a valoración os períodos inferiores ao mes de servizo.

Os méritos alegados acreditaranse mediante certificación expedida pola Administración onde se prestaron os servizos ou mediante informe da vida laboral ao que se lle deberán xuntar os oportunos contratos. Na dita documentación deberá quedar acreditado a equivalencia entre os postos desempeñados cos da presente convocatoria.

**b) Formación:**

1.- Cursos de formación sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por Administracións Públicas, Organismos Oficiais dependentes de calquera das administracións públicas ou homologados por estas. Ata un máximo de **1 punto**, de acordo coa seguinte escala :

- a) Por cada curso de ata 30 horas: 0,20 puntos .
- b) Por cada curso de ata 31 a 100 horas lectivas: 0,30 puntos .
- c) Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas: 0,50 puntos .
- d) Por cada curso de máis de 200 horas lectivas: 0,75 puntos .

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación do orixinal ou copia compulsada do título ou certificado de realización de cada curso, no que deberá constar expresamente o número de horas do curso e un resumo das materias impartidas .

No suposto de que non conste o número de horas do curso, este valorarase con 0,10 puntos.

**c) Entrevista curricular: ata un máximo de 2 puntos .****- FASE DE OPOSICIÓN**

Ata un máximo de **10 puntos**.

1.-Exercicio **tipo test**: A proba é de carácter obrigatorio e eliminatorio consta de 10 preguntas tipo test e dúas preguntas de reserva, con catro posibles respostas cada pregunta, das que soamente unha é correcta. Cada resposta correcta puntúa 1 punto, nun tempo máximo de media hora proposto polo tribunal sobre cuestións relacionadas co obxecto do posto e co programa recollido no **Anexo I**.

Para superar a proba será necesario obter como mínimo cinco puntos.

2.- **Proba de galego**: para aqueles candidatos que non teñan acreditado, xunto coa instancia de solicitude, estar en posesión do Celga 2 será obrigatorio a superación dun exercicio de tradución dun texto castelán ao galego. A calificación será apto ou non apto.

**10. Cualificación final**

O resultado final do proceso de selección, será a suma das dúas fases concurso e oposición, en caso de empate de puntuacións resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos na proba práctica. De persistir o empate resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos na valoración de méritos. Se persiste o empate resolverase por sorteo público.

O tribunal publicará no taboleiro de anuncios e na sede electrónica <https://concellodosavinao.sedelectronica.gal> a puntuación definitiva do proceso selectivo.

Os aspirantes disporán dun prazo de un (1) día hábil, a partir do seguinte ao da publicación para efectuar as alegacións pertinentes.

**11. Proposta de contratación e bolsa de emprego**

Finalizado o proceso selectivo e, resoltas no seu caso as reclamacións, o tribunal elevará a proposta á Alcaldía dos candidatos que superen o proceso selectivo para que dite a correspondente resolución ordenando a formalización do correspondente contrato laboral temporal. En ningún caso a proposta dos candidatos que superen o proceso selectivo poderá exceder do nº de prazas convocadas.

O tribunal establecerá unha bolsa de emprego entre o resto dos aspirantes por orde de puntuación, para asegurar a cobertura do posto cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, vacacións, baixas que se produzan durante o período de duración do contrato, ou calquera outra circunstancia que se presente.

**12. Presentación de Documentos e Formalización do Contrato**

Os aspirantes propostos a ocupar o posto de peón achegarán á Administración a seguinte documentación para a formalización de contrato, no prazo de 3 (tres) días hábiles, contados á partir da data de publicación do resultado das probas de selección:

- a) Certificación ou Informe Médico de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co exercicio das funcións do posto ao que se adscribe.
- b) Certificado bancario co número de conta para o abono da nómina.
- c) Copia da Tarxeta da Seguridade Social.

**13. Réxime de recursos**

As presentes bases e a convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesado/a, con carácter potestativo,

recurso de reposición ante o Alcalde que as aprobou, no prazo de 1 mes, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común e das Administracións Públicas, ou ben interpor, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, en ambos casos contados dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Lugo (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa). Se se optase por interpor recurso de reposición potestativo, non se poderá interpor un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

#### **14. Incidencias**

A Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

#### **15. Base Xurídica do tratamento de datos.**

Conforme o disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e no Regulamento Europeo de Protección de Datos, os seus datos persoais serán tratados polo Concello do Saviñao coa finalidade de xestionar as súas solicitudes á efectos de poder ter en conta a súa candidatura nos procesos de selección de persoal que se desenvolvan polo Concello de O Saviñao.

Igualmente se lle informa de que poderá exercer os seus dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión e demais dereitos recollidos na normativa de protección de datos vixente.

O Saviñao, 27 de abril de 2022.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

#### **ANEXO I**

Tema 1. Constitución española 1978. Título preliminar. Título primeiro.

Tema 2. Organización municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.

Tema 3. Concello de O Saviñao . Termo municipal. Poboación. Datos de interese do municipio. Distribución xeográfica e parroquial.

Tema 4.- Vías municipais. Reparación de pistas. Materiais e ferramentas e empregar.

Tema 5.- Conceptos básicos de fontanería e albanería, electricidade, carpintería, pintura e xardinaría.

Tema 6.- Diferentes materiais e ferramentas de construción.

Tema 7.- Desbroce en pistas e camiños. Materiais e ferramentas a empregar.

Tema 8.- Nocións básicas de seguridade e hixiene no traballo. Prevención de riscos laborais.

**Anexo II****MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCION DE CATRO (4) PEÓNS DE SERVIZOS MÚLTIPLES NO CONCELLO DE O SAVIÑAO, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICION.**

I.- DATOS DA PRAZA Á QUE ME PRESENTO:

- DENOMINACIÓN: **PEÓNS SERVIZOS MÚLTIPLES.**
- RÉXIME XURÍDICO: **PERSOAL LABORAL TEMPORAL.**

II.- DATOS PERSOAIS.

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
DNI:	TELÉFONO MB: Correo electrónico:	
DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS	MUNICIPIO: PROVINCIA:	CÓD. POSTAL

III.- MANIFESTO: Que coñezo na súa integridade as bases e a convocatoria pública realizada polo Concello de O Saviñao (Lugo), para a contratación laboral temporal por circunstancias da produción de catro (4) peóns de servizos múltiples.

IV.- DECLARO: Que acepto as bases e que son certos os datos consignados na presente instancia de solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

V.- SOLICITO: Ser admitido/a a participar no proceso de selección referido, comprometéndome a someterme as bases que o regulan e presentando a seguinte documentación (marcar cunha cruz):

- DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- Permiso de Conducir clase B, en plena vixencia na data de presentación de instancias.
- Relación de méritos alegados para a súa xustificación, así como os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido nestas bases.
- Informe de Vida Laboral actualizado.
- Declaración responsable segundo Anexo III
- Outros:

En O Saviñao, ..... de..... de 2022.

Asdo.

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE O SAVIÑAO (LUGO).**

**Anexo III****MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE**D/D<sup>a</sup> .....

con DNI nº ....., con enderezo a efectos de notificacións en .....

.....Teléfono .....

Dirección correo electrónico .....

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE**

Que reúno os requisitos xerais desta convocatoria, e declaro:

> Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non me atopo en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado.

> Non atoparme inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no meu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

> Non estou incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

> Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: non padecer enfermidades, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo ofertado.

O Saviñao, ..... de ..... de 2022.

Asdo.

R. 1053

**VILALBA***Anuncio*

De conformidad con lo establecido en el art. 102.3 de la Ley 58/2003, General Tributaria, de 17 de diciembre, se notifican colectivamente las liquidaciones del padrón de tasas por los servicios de suministro de agua, conservación de contadores, saneamiento, canon del agua, coeficiente de vertidos y recogida de basuras de la zona urbana, conforme a lo establecido en la Ordenanza nº 9 reguladora de la tasa por prestación del servicio de recogida de basuras, en la ordenanza nº 11 reguladora de la red de alcantarillado, en la ordenanza nº 16 reguladora de la tasa por servicios de distribución de agua y utilización de contadores e instalaciones análogas y el Decreto 136/2012 por el que se aprueba el reglamento del canon de agua y del coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de aguas residuales, correspondiente al 1ª trimestre del ejercicio 2022, aprobado por la Junta de Gobierno Local en sesión celebrada el 25/04/2022.

El referido Padrón queda expuesto al público en la oficina de ESPINA Y DELFÍN S.L, sita en la C/ Campo de Punte, nº 85, bajo, en horario de 9:00 a 13:00 horas de lunes a viernes, el plazo de 15 días contados a partir de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia. Las liquidaciones objeto de notificación colectiva tienen carácter provisional según lo dispuesto en el art. 101.4 de la Ley General Tributaria, y en contra de estas, podrá interponer recurso de reposición ante la Junta de Gobierno Local en el plazo de 1 mes, contado desde el día siguiente a la finalización del plazo de exposición. Por lo que respecta al canon de agua, podrá ser objeto de reclamación económico-administrativo de la Comunidad Autónoma de Galicia en el plazo de un mes desde que se entienda producida la notificación conforme a lo dispuesto en el Artículo 49.7 del Decreto 136/2012. Se podrá ejercitar, no obstante, cualquier otro recurso que se considere procedente. Todo esto en virtud de lo establecido en el art. 14.2 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales. De conformidad con lo establecido en los arts. 24 y 25 del Reglamento General de Recaudación aprobado por el RD 939/2005 de 29 de julio, se comunica también que el plazo del ingreso en período voluntario será de 30 días naturales desde la publicación de este anuncio en el BOP.

El ingreso de las deudas se realizará en las oficinas de ESPINA Y DELFÍN S.L de lunes a viernes de 9 a 13:00 horas. Los recibos domiciliados por los contribuyentes serán cargados directamente por las respectivas entidades bancarias en la cuenta que ESPINA Y DELFÍN S.L. tiene designada al efecto en la oficina de Abanca de esta localidad. El pago de la tasa se podrá domiciliar para lo sucesivo en cajas de ahorros, bancos y demás entidades financieras. Para este trámite será necesario cubrir un impreso de domiciliación en las oficinas de ESPINA Y DELFÍN S.L. Transcurrido el plazo de ingreso en período voluntario las deudas se harán efectivas por la vía de apremio y serán exigibles los recargos del período ejecutivo y los intereses de demora correspondientes, tal y como estipulan los artículos 26 y 28 de la Ley 58/2003 de 17 de diciembre, General Tributaria y, en su caso, las costas que se produzcan. Por lo que respecta al canon de agua la vía ejecutiva de apremio será realizada por la Consellería competente en materia de hacienda de la Xunta de Galicia.

Vilalba, 27 de abril de 2022.- La alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 1054

**MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO****CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

**EXPEDIENTE:V/27/01392-1**

PETICIONARIO:Francisco Javier Vales-Villamarín Navarro

VERTIDO

DENOMINACIÓN:Vivienda en Santa Mariña

LOCALIDAD:Santa MariñaCabreiros (Santa Mariña)

TÉR.M. MUNICIPAL:O Corgo

PROVINCIA:Lugo



RÍO/CUENCA:Chamoso/Chamoso

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Santa Mariña" – "Francisco Javier Vales-Villamarín Navarro", con un volumen máximo anual de 310,000 m<sup>3</sup>.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Separador de grasas.
- Compacto fosa séptica + filtro.
- Arqueta de toma de muestras.
- Pozo filtrante

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 28 de abril de 2022.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 1055